

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de concesión de axudas ao estudo do Concello de Carral para estudantes para o curso 2015/2016

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, en uso da atribución delegada polo Señor Alcalde mediante decreto 294/2015, aprobou na súa sesión realizada o 22 de outubro de 2015 a proposta da Alcaldía segundo a cal

“1.- Como medida e apoio as accións educativas e, en concreto á educación dos escolares, propónse iniciar o procedemento en relación á convocatoria de axudas ao estudo para estudantes deste curso 2015/2016 empadronados en Carral, aprobación das bases reguladoras pola contía global de 8.000,0€ e os trámites legais necesarios.

“.

As bases aprobadas, que regulan a convocatoria de axudas, son as seguintes:

“BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE CARRAL PARA ESTUDANTES PARA O CURSO 2015/2016

I.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto destas bases regular a concesión polo Concello de Carral, en réxime de concorrencia competitiva de axudas para o estudo aos estudantes matriculados durante o curso académico 2015-2016 e empadronados en Carral.

II.- FINANCIAMENTO.

Os créditos para financiar as axudas reguladas nestas bases atópanse contidas no Orzamento municipal do 2015, con cargo á partida orzamentaria 2015.326.48001, por importe total de **8.000,00 euros**.

III.- BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nestas bases os estudantes nos que concorran os requisitos seguintes:

a) Estudantes de 2º ciclo de educación infantil que cursen os seus estudos en centros de carácter oficial e públicos, tanto na propia Comunidade Autónoma como noutra do territorio español ou estranxeiro.

b) Estar matriculados en calquera curso dos estudos de educación postobrigatoria (ciclos formativos, bacharelato ou similares) durante o curso 2015/2016 nun centro de carácter oficial e público, tanto na propia Comunidade Autónoma como noutra do territorio español ou estranxeiro.

c) Estar matriculados na Formación profesional básica durante o curso 2015/2016 nun centro de carácter oficial e público.

d) Estar matriculados en calquera curso das ensinanzas universitarias do sistema universitario español cursados en centros españois con validez no territorio nacional: ensinanzas conducentes a títulos oficiais de Grao e Master; ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Diplomado, Mestre, Enxeñeiro Técnico e Arquitecto Técnico.

e) Estar empadroadado no Concello de Carral.

No caso de persoal da administración beneficiario doutra axuda para o mesmo concepto non se poderá acceder a esta convocatoria de axuda.

IV.- IMPORTE DAS AXUDAS

EDUCACIÓN INFANTIL: A contía das becas que se establecen serán ata un máximo de 70 €, segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente. Estas contías de axuda serán segundo a puntuación obtida e dependendo da partida orzamentaria ata esgotala, concedendo soamente cando a puntuación total sexa positiva a partir de puntuación 0 inclusive e segundo o crédito existente.

EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA: A contía das becas que se establecen será ata un máximo de 150€ segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e co límite máximo do crédito orzamentario existente.

EDUCACIÓN UNIVERSITARIA: A contía das axudas que se establecen serán ata un máximo de 200 €, segundo a puntuación obtida cos méritos presentados e, co límite máximo do crédito orzamentario existente.

A cantidade de axuda concedida poderá ser diferente segundo a puntuación obtida e dependendo da partida orzamentaria ata esgotala.

V. SOLICITUDES. Lugar, prazo de presentación e modelo.

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde- Presidente podendo presentarse por calquera das formas sinaladas no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRJPAC).

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a contar dende a súa aprobación no Boletín Oficial de A Provincia.

As solicitudes acompañadas da documentación preceptiva formalizaranse no modelo normalizado de solicitude (Anexo I) asinado pola persoa solicitante (interesado/padre/nai/tutor) no que se especificará todos datos establecidos no mesmo. O modelo de solicitude será facilitado no Rexistro Municipal ou no departamento de Educación.

VI. DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude, acompañarase a documentación seguinte:

1. Fotocopia do DNI/ NIF/NIE/ PASAPORTE do estudante e do pai/nai/titores (da persoa que cubra os datos e asine como solicitante).
2. Fotocopia do libro de familia soamente no caso de Educación Infantil.
3. Fotocopia do título de familia numerosa en caso de telo.
4. Fotocopia da matrícula ou documento do centro que o xustifique.
5. Fotocopia da sentenza en caso de separación/divorcio.
6. Fotocopia do xustificante en caso de viuvez.
7. Certificación, se é o caso, de discapacidade ou fotocopia da mesma.
8. Certificación bancaria do número de conta no que se faría o ingreso en caso de resultar beneficiario da axuda.
9. Fotocopia do documento de renovación da demanda de emprego (Darde)
10. Fotocopia da declaración da renda do ano 2014 soamente no caso de Educación Infantil.

As unidades exentas desta obriga deberán presentar en caso de tela, a certificación negativa da Delegación de Facenda, a seguinte documentación:

- Para os membros activos, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante o 2014.
- Acreditación, por calquera medio axustado en dereito, de percibir algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social...).
- Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar a percepción de ingresos de ningunha outra maneira.

No suposto de que a documentación non cumpra os requisitos esixidos ou que a documentación aportada conteña erros ou sexa insuficiente, requirira se ó solicitante para que no prazo de dez días aporte os documentos preceptivos, con indicación de que si así non o fixese, de conformidade co establecido no art. 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, LRJPAC, considerárase desistido da súa petición.

Polo Concello poderá solicitarse a emisión de informe dos Servizos Sociais en relación cos medios económicos e circunstancias familiares do solicitante.

O certificado de empadramento e en caso de ser necesario o de convivencia do solicitante, incorporárase de oficio. O departamento de Educación pedirán internamente.

VII. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Revisados os expedientes e completados, remitiranse á Comisión de Valoración para o seu estudo e proposta de resolución.

A Comisión de Valoración estará composta polo concelleiro responsable do área de educación, a técnica de educación e a aux. administrativa de servizos sociais, actuando como Secretario o da Corporación ou funcionario que o substitúa.

VIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN**VIII.I PARA ESTUDANTES DE EDUCACIÓN INFANTIL****SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR**

1) Número de membros da unidade familiar: por cada membro da unidade familiar (entendida esta como o pai, nai, irmán e solicitante): 0,25 puntos.

2) Condicións familiares do solicitante da axuda:

a. Por orfandade: 1 punto.

b. Fillo de separado/a ou viúvo/a a data actual: 1 punto.

c. Fillo de solteira sempre que non conviva co pai: 1 punto.

d. Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.

e. Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade, por cada un: 3 puntos.

f. Por estar en situación de desemprego o pai/tutor: 1 punto.

g. Por estar en situación de desemprego a nai/tutora: 1 punto.

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntúan en caso de entregar documentación que probe estas condicións.

SITUACIÓN ECONÓMICA

Neste apartado os puntos calcúlaos a táboa de baremación RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM: 532,51€) vixente:

Inferior ao 25% do IPREM +4 PUNTOS

(inferior a 133,12€)

Entre o 25% e o 50% do IPREM +3 PUNTOS

(entre 133,12€ e 266,25€)

Entre o 50% e o 75% do IPREM +2 PUNTOS

(entre 266,26€ e 399,38€)

Entre o 75% e o 100% do IPREM +1 PUNTOS

(entre 399,39€ e 532,51€)

Entre o 100% e o 125% do IPREM -1 PUNTOS

(entre 532,52€ e 665,63€)

Entre o 125% e o 150% do IPREM -2 PUNTOS

(entre 665,64€ e 798.76€)

Entre o 150% e o 200% do IPREM -3 PUNTOS

(entre 798,77€ e 1065,02€)

Igual ou superior ao 200% do IPREM -4 PUNTOS

(superior a 1065,02€)

VIII.II PARA ESTUDANTES DE EDUCACIÓN POSTOBRIGATORIA E FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

1) Condicións familiares do solicitante da axuda:

a. Por orfandade: 1 punto.

b. Fillo de separado/a ou viúvo/a na data actual: 1 punto.

c. Fillo de solteira que non conviva co pai: 1 punto.

d. Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.

e. Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, por cada un: 3 puntos.

f. Por estar en situación de desemprego o pai/tutor: 1 punto

g. Por estar en situación de desemprego a nai/tutor: 1 punto

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntuán en caso de entregar documentación que probe estas condicións.

2) Distancia dende o domicilio do lugar onde realiza os estudos ata o domicilio do beneficiario:

- a. De 0 a 15 km: 0,5 puntos.
- b. De 16 a 21 km: 1 punto.
- c. De 22 a 55 Km: 2 puntos.
- d. De máis de 55 km: 3 puntos.

VIII.III PARA ESTUDANTES DE EDUCACIÓN UNIVERSITARIA

1) Condicións familiares do solicitante da axuda:

- a. Por orfandade: 1 punto.
- b. Fillo de separado/a ou viúvo/a a data actual: 1 punto.
- c. Fillo de solteira que non conviva co pai: 1 punto.
- d. Por posuír o título de familia numerosa: 2 puntos.
- e. Por presentar un ou máis membros da unidade familiar algunha minusvalía do 33% ou maior, por cada un: 3 puntos.
- f. Por estar en situación de desemprego o pai/tutor: 1 punto
- g. Por estar en situación de desemprego a nai/tutor: 1 punto

As puntuacións neste apartado serán acumulables e soamente puntuán en caso de entregar documentación que probe estas condicións.

2) Distancia dende o domicilio do lugar onde realiza os estudos ata o domicilio do beneficiario:

- a. De 0 a 15 km: 0,5 puntos.
- b. De 16 a 21 km: 1 punto.
- c. De 22 a 55 Km: 2 puntos.
- d. De máis de 55 km: 3 puntos.

3) Por número de créditos nos que se matricula:

- a. Menos de 25 créditos: 1 punto.
- b. De 26 a 50 créditos: 2 puntos.
- c. De 51 a 100 créditos: 3 puntos.
- d. Máis de 100 créditos: 4 puntos.

IX. RESOLUCIÓN E RECURSOS

Cumpridos os trámites para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta pola intervención municipal, a Alcaldía dictará a resolución que proceda no prazo dun mes computado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes e sempre antes do 31 de decembro. A resolución expresa será mediante publicación no taboleiro de anuncios. Transcorrido o devandito prazo sen que se dicte resolución expresa, enténdese que esta é desestimatoria de conformidade co establecido no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJPAC).

A resolución estimatoria ou desestimatoria pon fin á vía administrativa, contra a que poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de notificación do acordo de concesión, ou directamente recurso-contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte ó de notificación da resolución si é expresa, si non o é, o prazo será de seis meses a contar dende o día seguinte a partir do que se entenda producida a desestimación por acto presunto.

O pago será ingresado na conta bancaria facilitada polos beneficiarios para tal fin.

X.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Carral, 1 de outubro de 2015

O Alcalde- Presidente

Asd.: José Luís Fernández Mouriño.



CONCELLO DE CARRAL

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓN

ANEXO I -SOLICITUDE

AXUDAS AO ESTUDO

CURSO 2015
2016

SOLICITUDE: ☒ INFANTIL ☒ CICLO FORMATIVO
(marcar con X) ☒ UNIVERSIDADE ☒ BACHARELATO ☐ OUTROS:

DATOS DO SOLICITANTE (solicitante maior de idade, pai,nai,tutor)	
NOME E APELIDOS	
NIF:	
DOMICILIO:	
TELEFONO:	

DATOS DO BENEFICIARIO/A (estudiante):		PUNTOS
NOME E APELIDOS:		
CURSO		
NOME DO CENTRO DE ESTUDOS:		
LUGAR DO CENTRO DE ESTUDOS:		
TIPO DE CENTRO ☒ PÚBLICO ☐ PRIVADO ☐ OUTROS(cal):		
DISTANCIA DO DOMICILIO AO CENTRO:	KM só ida	
CRÉDITOS NO CASO DE UNIVERSITARIOS		

SITUACION FAMILIAR		PUNTOS
Nº MEMBROS		
ORFANDADE	☐ SI ☒ NON	
SEPARACIÓN/DIVORCIO/VIUEZ	☐ SI ☒ NON	
MONOPARENTAL	☐ SI ☒ NON	
FAMILIA NUMEROSA	☐ SI ☒ NON	
DISCAPACIDADE	☐ SI ☒ NON	
SITUACIÓN LABORAL DO PAI	☐ PARO ☒ TRABALLANDO	
SITUACIÓN LABORAL DA NAI	☐ PARO ☒ TRABALLANDO	
SITUACIÓN ECONÓMICA		
SOLICITOU OUTRA AXUDA	☐ SI ☒ NON	
TOTAL PUNTOS		

DECLARACION DO SOLICITANTE

D./D.ª:.....
solicitante/pai/nai/titor/a do beneficiario da axuda DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:
1.-que coñece e acepta as bases da convocatoria para a que solicitan axuda
2.-que os datos que se declaran son reais e en caso de non ser dará lugar á denegación da axuda

Caral, a de de 2015

Sinatura

☒ As zonas sombreadas son para cubrir polo Concello de Carral



CONCELLO DE CARRAL

CONCELLERÍA
DE EDUCACIÓNAXUDAS AO
ESTUDO CURSO
2015
2016**DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA**

marcar cun X o que se entrega

- ☐ Anexo da solicitude que se facilita nas oficinas municipais
- ☐ Fotocopia do DNI/NIE/NIF/PASAPORTE do estudante e do pai, nai e/ou tutores
- ☐ Fotocopia libro de familia no caso de educación infantil
- ☐ Fotocopia do título de familia numerosa en caso de telo
- ☐ Fotocopia da matrícula ou certificado de estar matriculado no curso actual
- ☐ Fotocopia da sentenza en caso de separación/divorcio
- ☐ Fotocopia do xustificante en caso de viuvez
- ☐ Certificación, se é o caso, de discapacidade ou fotocopia da mesma
- ☐ Certificado bancario do número de conta no que ingresar a axuda en caso de concesión
- ☐ Fotocopia do documento de renovación da demanda de emprego (Darde)
- ☐ Se é de Educación infantil: fotocopia da declaración da renda 2014

En caso de estar exenta de realizala, haberá que presentar:

- ☐ Declaración negativa de Facenda
- ☐ Para os membros activos, certificado da empresa dos ingresos obtidos durante 2014
- ☐ Acreditación por calquera medio axustado en dereito, de percibir algunha prestación ou pensión (INEM, Xunta, Seguridade Social)
- ☐ Declaración xurada de non percibir ingresos de ningún tipo, en caso de non poder acreditar a percepción de ingresos de ningunha outra maneira

“

Contra o contido deste acordo poderanse interpoñer os seguintes recursos:

RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o Señor Alcalde (art. 115 c) ROF), no prazo dun mes a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio. (arts. 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro).

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, perante o órgano da Xurisdicción Contencioso-Administrativo que indica a Lei 29/1988, de 13 de xullo e no prazo establecido nela.

Carral, 28 de outubro de 2015

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

2015/10756